



## NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

### INFORMACIÓN DE CARÁCTER XERAL

- Grupos de convivencia estable, que estará formado polo alumnado de cada aula, a mestra/e titor/a e os/as mestres especialistas.
- Uso obrigado de máscara en todo momento (6 anos en adiante)
- Importante non acudir ao centro no caso de presentar sintomatoloxía. Facer a enquisa de autoavaliación clínica todos os días antes de acudir o centro.
- Cada alumno/a traerá una máscara de reposto e un estoxo para gardar a que estea utilizando cando vaia ao comedor ou coma a merenda.
- No transporte escolar o uso de máscara é obrigado, independentemente da idade do transportado.
- Nas entradas e saídas do alumno que non emprega transporte UNICAMENTE poderán acceder ao recinto escolar (patio) un dos proxenitores ou persoa autorizada do alumnado da etapa de Educación Infantil.
- Para as reunións de titorías utilizarase sempre que sexa posible a reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono.

### AUSENCIA DO ALUMNADO

O rexistro de ausencias do alumnado realizarao cada titor/a do grupo, cando algunha desas ausencias resulte ser compatible cunha infección por SARS-Cov-2 será comunicado ao Equipo Covid. As familias deberán realizar diariamente a auto avaliación clínica da COVID-19 antes de vir ao centro educativo.

### XESTIÓN DOS ABROCHOS

O espazo elixido como zona de illamento (aula COVID) é a aula sita na entrada do centro, de modo contiguo á Conserxería. Está equipada con máscaras cirúrxicas, papeleira de pedal, panos desbotables e xel hidroalcohólico. Dispón da ventilación axeitada. O alumno/a que teña que acudir a esta aula será atendido por algún membro do Equipo Covid.



**ASPECTOS ORGANIZATIVOS E DE FUNCIONAMENTO A TER EN CONTA**

Entrada ao centro	<ul style="list-style-type: none"><li>• O alumnado de transporte escolar entrará polo portal grande, e subirá de xeito ordeado a súa aula.</li><li>• O alumnado de Educación Infantil que non use transporte entrará pola porta pequena pola que se accede ao patio en horario de 9:15h a 9:30h.</li><li>• O alumnado de Educación Primaria que non use transporte entrará pola porta principal do centro de 9:15h a 9:30h.</li><li>• O alumnado da ESO entrará <b>todo</b> polo portal grande de 8:15h a 8:30h.</li></ul>
Saída do centro	<ul style="list-style-type: none"><li>• O alumnado de Educación Infantil que <b>non</b> utilice o servizo de comedor sairá as 14:15h usando a porta pequena pola que se accede ao patio.</li><li>• O alumnado dos cursos de 1º e 2º de EP que <b>non</b> utilice o servizo de comedor sairá as 14:30h usando a porta pequena pola que se accede ao patio.</li><li>• O alumnado dos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de EP que <b>non</b> utilice o servizo de comedor sairá as 14:30h usando a porta principal pola que se accede ao patio.</li><li>• O alumnado de Educación Infantil, 1º de EP e 3º B de EP que faga uso do comedor pero non do transporte escolar, sairá pola porta principal do centro as 15:15h. (1ª quenda de comedor)</li><li>• O alumnado de Educación Primaria, de 2º, 3º A, 4º, 5º e 6º que faga uso do comedor pero non do transporte escolar, sairá pola porta principal do centro as 15:50h. (2ª quenda de comedor).</li><li>• O alumnado que faga uso de ambos servizos sairá ás 16:00 h.</li><li>• <b>Todo</b> o alumnado de ESO sairá do centro polo portal grande os martes ás 17:30h e resto da semana ás 14:10h.</li></ul>
Recreos	<p>O alumnado de Educación Infantil e Primaria: 11:30h a 12:00h</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Educación Infantil: 4 zonas rotatorias semanalmente. (4 mestres/as de garda)</li><li>• Educación Primaria: 11 zonas rotatorias semanalmente. (6 mestres/as de garda).</li></ul> <p>A merenda realizarase na aula, non haberá froita dispoñible este curso. O alumnado traerá a merenda da casa.</p> <p>O alumnado de ESO: 10:10h a 10:30h e 12:10h a 12:30h</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• ESO: 6 zonas delimitadas rotatorias. (3 profesores/as de garda).</li></ul>
Acompañamento alumnado	Limitase a un acompañante por alumno/a da etapa de Educación Infantil no recinto escolar tanto nas entradas como nas saídas.
Uso dos aseos	Restrínxese a unha soa persoa o uso de xeito simultáneo. cada aula terá un aseo asignado.
Comedor	<p><b>As quendas establecidas son as seguintes para luns, mércores, xoves e venres (EI e EP):</b></p> <p><b>1ª quenda</b> de 14:30h a 14:55h horas ( o alumnado de infantil empezaría ás 14:15 horas), ventilación e desinfección 14:55 a 15:15 horas.</p> <p><b>2ª quenda</b> de 15:15h a 15:40h, ventilación e desinfección polo servizo de limpeza.</p> <p><b>Quendas dos martes (EI, EP e ESO):</b></p> <p><b>1ª quenda</b> ESO de 13:20 a 13:40 horas, ventilación e desinfección de 13:40 a 13:55 horas.</p> <p><b>2ª quenda</b> ESO de 13:55 a 14:15 horas, ventilación e desinfección de 14:15 a 14:30 horas.</p> <p><b>3ª quenda</b> EI e EP de 14:30 a 14:55 horas, ventilación e desinfección de 14:55 a 15:15 horas.</p> <p><b>4ª quenda</b> EI e EP de 15:15 a 15:40, ventilación e desinfección polo sevizo de limpeza.</p> <p><b>Distribución do alumnado de EI e EP por quendas:</b></p> <p>1ª quenda :Todo o alumnado de educación Infantil e 1º e 3º B de EP.</p> <p>2ª quenda: 2º, 3ºA, 4º, 5º e 6º de EP</p>